



CONCELLO DE TORDOIA ( A Coruña )  
Telfs.981-690001/690128-Fax: 981-690005  
[servizos.sociais@tordoia.gal](mailto:servizos.sociais@tordoia.gal)

## BANDO

Dona **INÉS SANTOS PEREIRO**, alcaldesa  
do Concello de **TORDOIA** (A Coruña)

### FAI SABER

Que pola Orde do 21 de decembro de 2018 se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas urxentes de tipo social (AUX) para evitar os cortes de subministración eléctrica aos consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social, en réxime de concorrencia non competitiva, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019 na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 32 do 14/02/2019) IN414D.

**Beneficiarios:** Poderán solicitar esta axuda as persoas residentes na Comunidade Autónoma de Galicia que teñan a consideración de **consumidor vulnerable severo en risco de exclusión social:** que reúnan os requisitos para ser consumidor vulnerable severo establecidos no artigo 3 do Real decreto 897/2017, do 6 de outubro, polo que se regulan a figura do consumidor vulnerable, o bono social e outras medidas de protección para os consumidores domésticos de enerxía eléctrica, cos límites de renda establecidos no punto 4 do citado artigo e, ademais, estean en risco de exclusión social. Esta situación deberá estar acreditada mediante certificado ou informe social expedido polos servizos sociais correspondentes.

Ter contratada a tarifa de último recurso TUR con aplicación do bono social de consumidor vulnerable severo (desconto do 40%)

#### Actuacións, gastos subvencionables e contía

1. Os gastos subvencionables serán o **50 % do importe das facturas de electricidade** (calculado segundo o establecido no artigo 12 do Real decreto 897/2017), correspondentes á vivenda habitual do solicitante acollido á tarifa de último recurso (TUR) para consumidor vulnerable severo, que estean pendentes de pagamento na data da solicitude e emitidas antes do 30 de novembro de 2019 por unha comercializadora de referencia (COR) que teña asinado un protocolo de colaboración coa Consellería de Economía, Emprego e Industria para evitar os cortes de subministración.

2. A contía da subvención será **unha cantidade fixa máxima por solicitante de 300 €/ano, ou de 450 €/ano no caso de familias numerosas**, que se irá pagando segundo a comercializadora remita as correspondentes facturas á Dirección Xeral de Enerxía e Minas.

**Prazo de presentación:** ata o día **30 de novembro de 2019**.

**Presentación de solicitudes e máis información:** **Servizos Sociais Comunitarios**

Tordoia, a 19 de febreiro de 2019

A alcaldesa